

CURRÍCULUM

EA

SEGUNDO
EDUCACIÓN PRIMARIA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Disciplinas específicas

Área de Educación Artística

Á hora de abordar a Educación artística, que nesta etapa engloba a Educación musical e a Educación plástica, teremos en conta que as diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación.

A Educación artística é de especial importancia, xa que o tratamento da información visual e musical na vida cotiá xera e precisa capacidades de pensamento crítico. A educación artística posibilita o desenvolvemento da creatividade, da imaxinación, da autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización etc., e todas elas están relacionadas co obxectivo de axudar a filtrar os nosos encontros cos produtos visuais e musicais.

Por outra banda, é de grande relevancia ensinar ao alumnado a interpretación e a análise crítica, para o facer consciente de que todas as formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa que, ademais de seren reveladoras da súa identidade, son un axente reconfigurador.

Nesta etapa, a área artística sitúase nun lugar privilexiado para a transversalidade, para a conexión natural con outras áreas do currículo, colaborando nunha comprensión da realidade e nunha satisfacción maiores. Permite, ademais, achegarse á mirada das demais persoas, á diversidade de maneiras de experimentar o mundo, que se manifestaron e se manifestan nos produtos da cultura musical e visual.

Xunto coa dimensión reflexiva darémoslle importancia tamén á produción de obras ou traballos por parte do alumnado, feito no que se centran algúns dos estándares deste currículo, xa que entendemos que o seu tratamento competencial só se pode desenvolver tendo como obxectivo que o alumnado sexa protagonista final dos produtos de aprendizaxe.

Xa que logo, para desenvolver este currículo tivemos en conta a total integración nel da aprendizaxe por competencias, de xeito que o profesorado poida utilizar este documento como guía e base da adquisición de competencias do seu alumnado, obxectivo primordial deste enfoque.

Para isto, é imprescindible que o proceso de ensino e aprendizaxe parta dunha planificación rigorosa, elixindo métodos didácticos que se axusten ao nivel inicial do alumno ou da alumna e ás súas condicións socioculturais. Estes métodos deben partir da perspectiva do persoal docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado, enfocándose á realización de tarefas ou situacións-problema, propostas cun obxectivo concreto, que o alumno ou a alumna deben resolver.

Así mesmo, deben ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

A aprendizaxe por competencias na que se basea o currículo require metodoloxías activas e contextualizadas, e propónse, por isto, introducir estratexias interactivas, proxectos colaborativos co uso das novas tecnoloxías e facendo fincapé na creación de produtos reais que teñan efecto na comunidade educativa.

Faise necesaria unha implicación do profesorado na creación de materiais adecuados a estes modelos de aprendizaxe, así como un compromiso co desenvolvemento destas metodoloxías na aula, feito que leva consigo un importante nivel de coordinación de todos os membros da comunidade educativa -en particular as familias-, unha reflexión e a avaliación dos resultados, para definir melloras posteriores.

Por último, para facilitar a concreción curricular tanto na área de Música como na de Educación plástica establécense tres bloques de contidos. Non obstante, deben entenderse como un conxunto e desenvolverse de forma global, tendo en conta as conexións internas tanto con respecto ao curso como ao longo da etapa.

Educación plástica

Bloque 1. Educación audiovisual. Está dedicado ao estudo da imaxe en todas as súas manifestacións, tanto visual como audiovisual. Neste bloque ten moita importancia a contribución que fan as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ao mundo da imaxe.

Bloque 2. Expresión artística. Este bloque recolle a exploración dos elementos propios da linguaxe plástica e visual, así como o tratamento dos materiais. Abrangue tamén as posibilidades para expresar o sentido e o percibido con creacións artísticas propias, despois da planificación.

Bloque 3. Debuxo xeométrico. Atopamos aquí un desenvolvemento gráfico dos coñecementos adquiridos na área de matemáticas, no epígrafe de xeometría, polo que a competencia matemática e científico-tecnolóxica estará moi presente.

Educación musical

Bloque 1. A escoita. Procúrase que o alumnado tome conciencia dos sons que do seu ámbito, así como das posibilidades sonoras dos materiais e dos obxectos do seu contexto. Faise fincapé na audición activa de manifestacións musicais de distintas orixes e no respecto no proceso da audición.

Bloque 2. A interpretación musical. O alumnado é protagonista absoluto neste bloque, cuxo obxectivo é a creación de produtos musicais de diferentes estilos, usando diversas técnicas compositivas e con finalidades distintas. Centrémonos tamén en que o alumnado valore o traballo colaborativo, o respecto cara ás demais persoas e a avaliación con intención de mellorar.

Bloque 3. A música, o movemento e a danza. Este derradeiro bloque está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado desde o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo, e chégase finalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1.Exploración sensorial de elementos presentes no contorno natural (plantas, árbores, minerais, animais, auga etc.). ▪ B1.2. Observación de elementos plásticos do entorno artificial (edificios, mobiliario urbano, luminosos, sinais etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Identificar as diferentes materiais e formas de expresión plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.1.1. Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Observación comentario da obra plástica e visual no contexto, en exposicións e en museos. ▪ B1.4. Curiosidade por descubrir as posibilidades artísticas que ofrece o contexto. Identificación de nomes da profesión artística. ▪ B1.5. Descrición de imaxes presentes no contexto. ▪ B1.6. Exploración dos elementos plásticos nas imaxes (ilustracións, fotografías, cromos, carteis, logos etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Describir oralmente e de forma sinxela diferentes formas de expresión artística. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.2.1. Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas. ▪ EPB1.2.2. Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Manipulación de obxectos cotiáns con diferentes texturas e formas. ▪ B1.8. Descrición verbal de sensacións e observacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.3.1. Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades. ▪ EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ e 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.4.1. Identifica diferentes formas de representación do espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> B1.9. Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo. B1.10. Observación de diferentes maneiras de representar o espazo (fotografía aérea, planos, maquetas, mapas etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Identificar, describir e representar o entorno natural e o entorno artificial. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB1.4.2. Representa de diferentes maneiras o espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
<ul style="list-style-type: none"> j 	<ul style="list-style-type: none"> B1.11. Experimentación con ferramentas nas actividades plásticas e con diversos soportes 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher, traballar con pincel, pegamentos etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA				
<ul style="list-style-type: none"> j b 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Exploración de cores, mesturas e manchas de cor con diferentes tipos de pintura e sobre diversos soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.1. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores. EPB2.1.2. Realiza correctamente mesturas de cores primarias. EPB2.1.3. Clasifica e ordena as cores primarias (maxenta, cian e amarelo) e secundarias (verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízalas con sentido nas súas obras. EPB2.1.4. Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CCEC CAA CCEC CAA
<ul style="list-style-type: none"> J b 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do entorno próximo. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Identificar o entorno próximo e o imaxinario, explicándoo con linguaxe plástica adecuada ás súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.2.1 Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo e o imaxinario. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSC
<ul style="list-style-type: none"> j b 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, encartados, ilustracións etc. B2.4. Manipulación e transformación de obxectos para o seu uso noutras actividades escolares. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Realizar composicións bidimensionais e tridimensionais segundo un desexo de expresión, coas técnicas aprendidas. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.3.1. Practica con precisión o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EP2.3.2. Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
<ul style="list-style-type: none"> j g 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Experimentación con tipos de liñas (curva, recta, quebrada etc.). B2.6. Exploración das liñas que delimitan contornos e do espazo que delimita a forma aberta, pechada, plana e en volume. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Utilizar nas súas representacións distintos tipos de liñas (curva, quebrada, recta etc.) e formas xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> EP2.4.1. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EP2.4.2. Emprega ferramentas básicas do debuxo (regra e escuadro) para realizar diferentes formas xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EP2.4.3. Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións das formas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
<ul style="list-style-type: none"> j h 	<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Exploración visual e táctil da figura humana. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Recoñecer as partes principais da figura humana. 	<ul style="list-style-type: none"> EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> j i 	<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Exploración de recursos dixitais para a creación de obras artísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Recoñecer, diferenciar e utilizar a expresividade de diversos materiais e soportes audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> EP2.6.1. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EP2.6.2. Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CD

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Interese por usar axeitadamente e de maneira progresiva os instrumentos, os materiais e os espazos. ▪ B2.10. Satisfacción coa manipulación e a exploración dos materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ j ▪ c 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Interese polo traballo individual e colectivo confiando nas posibilidades da produción artística. ▪ B2.12. Respecto polas contribucións dos compañeiros e das compañeiras, e disposición para resolver as diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Elaborar os traballos individualmente e en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EP2.8.1. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. ESCOITA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. As calidades do son: timbre, duración, altura e intensidade. ▪ B1.2. Identificación de trazos distintivos de sons do contexto natural e social. ▪ B1.3. Representación corporal e gráfica de sons de diferentes características. ▪ B1.4. Utilización de xogos e aplicacións informáticas educativas sinxelas para a discriminación auditiva. Curiosidade por descubrir os sons do contexto e as súas características. ▪ B1.5. Audición de pezas vocais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís. ▪ B1.6. Recoñecemento visual e auditivo, e denominación dalgúns instrumentos musicais da aula e da música escoitada e interpretada no contexto do alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva das calidades traballadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.5. Identifica voces masculinas, femininas e infantís. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Audición de pezas vocais e instrumentais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ d ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Audición activa e recoñecemento dunha selección de pezas musicais breves, de culturas e de estilos diferentes. ▪ B1.9. Audición activa dalgunha peza do repertorio tradicional galego. ▪ B1.10. Identificación das principais profesións relacionados coa música e da actividade que desenvolven (composición, dirección, instrumentista e público). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.2. Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Comunicación oral das impresións que causa a música escoitada. ▪ B1.12. Normas básicas de comportamento en concertos e outras representacións musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.4.3. Coñece e respecta as normas de comportamento básicas en concertos e outras representacións musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.13. Elementos da música: tempo (adagio, andante e allegro), dinámica e carácter. ▪ B1.14. Distinción e representación corporal ou gráfica dalgúns elementos da música escoitada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.15. Forma musical: repetición e contraste. ▪ B1.16. Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais. ▪ B1.17. Pulso e acento. Compás binario. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.18. As familias de instrumentos: vento, corda e percusión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Recoñecer e clasificar algún instrumento por familias instrumentais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.6.1. Recoñece e identifica algúns instrumentos, e clasifícaos por familias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos. ▪ B2.2. Construción de instrumentos musicais sinxelos con obxectos de uso cotián. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.2. Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Iniciación á fruta doce. O xilófono e o metalófono. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer e manexar a fruta doce e algún instrumento de aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.1. Consegue tocar algún fragmento melódico ou rítmico, ou acompañamento sinxelo, coa fruta e dos instrumentos da aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Práctica de xogos de relaxación, respiración, dicción e coordinación. ▪ B2.5. Imitación de fórmulas melódicas. ▪ B2.6. Interpretación e memorización de ladaíñas e cancións ao unísono. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.2. Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> EM2.3.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> j b 	<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Imitación de fórmulas rítmicas. B2.8. Lectura e interpretación de partituras sinxelas con grafías non convencionais e de esquemas rítmicos e melódicos elementais con notación tradicional B2.9. Notación musical e grafías non convencionais como medio de representación da música. Colocación dalgunha nota no pentagrama. B2.10. Utilización da percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos, cancións e danzas. B2.11. Selección e combinación de ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais. B2.12. Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes. B2.13. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos mediante o procedemento de pregunta-resposta. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.4.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> EMB2.4.2. Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EMB2.4.3. Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> EMB2.4.4. Elix e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> EMB2.4.5. Elixo e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
BLOQUE 3. A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA				
<ul style="list-style-type: none"> j b d 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Práctica de técnicas básicas do movemento: mobilización funcional, movementos fundamentais de locomoción e deseños no espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Realizar pequenas coreografías. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSC
			<ul style="list-style-type: none"> EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC
<ul style="list-style-type: none"> j o 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Práctica de xogos motores acompañados de secuencias sonoras, cancións e pezas musicais, e interpretación de danzas sinxelas. B3.3. Práctica dalgunha danza tradicional galega. B3.4. Improvisación de movementos en resposta a diferentes estímulos sonoros. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> EMB3.2.2. Coordina extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEGUNDO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC